

**Anuncio do 7 de maio de 2019 polo que se fai pública a resolución da concesión dos premios do concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas**

Mediante Resolución da Directora da Escola Galega de Administración Pública (en diante EGAP) do 19 de decembro de 2018 (publicada no DOG núm. 8, do 11 de xaneiro) aprobáronse as bases reguladoras e convocouse o concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas. Os premios do dito concurso foron dotados, segundo o establecido pola base segunda da convocatoria, cos seguintes importes:

Categorías	De 9 a 11 anos	De 12 a 14 anos
1º premio	250 euros	250 euros
2º premio	200 euros	200 euros
3º premio	150 euros	150 euros

En cumprimento do establecido nas bases décimo segunda e décimo terceira da dita Resolución do 28 de decembro de 2018, a adxudicación dos premios realizase en virtude da resolución da directora da EGAP, de acordo coa proposta do xurado, que debe ser publicada na web da Escola e no Diario Oficial de Galicia, producindo esta publicación os efectos da notificación, de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Esta resolución de adxudicación foi ditada por delegación en virtude do disposto polo apartado 1º i) da Resolución da Dirección da EGAP do 17 de decembro de 2007 sobre delegación de competencias no secretario xeral.

De acordo co exposto, faise pública a Resolución de 7 de maio de 2019 da concesión dos premios do concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas do ano 2019, que foi adoptada de acordo coa proposta do xurado e seguindo o procedemento regulado na Resolución da Directora da Escola, e que literalmente di:

“De acordo coa proposta do xurado e en virtude do sinalado pola base décimo primeira da Resolución do 28 de decembro de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras e se fai pública a convocatoria do Concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas, RESOLVO:

Primeiro. Adxudicar os seguintes premios:

CATEGORÍA 1

1º 250 euros para Shaila Pintos Lorenzo por *A nena raposante*.

2º 200 euros para Airas Marcal Sueiras por *Os mestres*.

3º 150 euros para Mateo Fernández Vázquez por *A camisa*.

CATEGORÍA 2

1º 250 euros para Aroa Fernández Álvarez por *O misterio de Noah*.

2º 200 euros para Mencía Jorge Cabaleiro por *A muiñeira, perigo de extinción*.

3º 150 euros para Jimena González-Lojo *Lamas por Terra II*.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



Rúa Madrid 2 – 4
15.707 – Santiago de Compostela
Tfno: 981546045. Fax: 981546337
secretaria.egap@xunta.gal
<https://egap.xunta.gal>

Segundo. Ordenar que se publique esta resolución na páxina web da EGAP e no Diario Oficial de Galicia.

Terceiro. Requiritr ás persoas premiadas para que no prazo de cinco (5) días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte a aquel no que se publique esta resolución no Diario Oficial de Galicia, acepten o premio, o que deberán facer mediante a presentación dun escrito asinado en tal sentido pola persoa premiada ou a persoa que legalmente a represente dirixido á EGAP.

Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá ser impugnada en reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co disposto polos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Asemade, cabe a interposición directa de recurso contencioso-administrativo ante os xulgados desa xurisdición que resulten competentes, no prazo de dous (2) meses contados tamén a partir do día seguinte ao da publicación deste acto, de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa”.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2019

A directora

P.D. (Resolución do 17.12.2007, DOG. núm. 3, do 02.01.2008)

Secretario xeral da EGAP



Sergio Domingo Baamonde Boquete